



# Acompañar a vulnerabilidade

---

Pepa Torres Pérez<sup>1</sup>

Na debilidade do humano latexa o pulso da verdade<sup>2</sup>

Josep María Esquirol

## 1.- Crise, vulnerabilidade e interdependencia

Inicio este artigo na casa de meu pai, quen, aos seus 88 anos, co pretexto de se deixar coidar polos seus fillos e fillas e coa discreción con que sempre o fixo, segue coidándonos. O seu coidado agora pasa por favorecernos *furar* as nosas axendas apertadas para estarmos con el cada semana e sinalarnos o esencial: que a grandeza do humano radica en asumir a vulnerabilidade propia e allea sen facer dramas, compartíndoa con naturalidade e agradecemento.

O propio da condición humana é a intemperie e, nela, a ferida vital da nosa propia vulnerabilidade, porque a vida non é outra cousa ca a relación entre o finito e o infinito, entre o que abranquemos e o que nos supera. Porén, resistímonos a aceptar esta verdade núa e a miúdo construímos a nosa existencia e o mundo desde unha ficción de suficiencia e individualidade que, lonxe de nos facer máis humanos e plenos, crébanos por dentro e frac-

---

1 Pepa Torres Pérez é relixiosa Apostólica do Corazón de Xesús, filóloga, teóloga e educadora social. Vive en Madrid, nunha comunidade intercongregacional no barrio de Lavapiés. Investiga sobre a espiritualidade ignaciana con perspectiva de xénero, o diálogo intercultural e interespiritual, a experiencia de Deus nas periferias e a dimensión místico-política da fe.

2 JOSEP MARÍA ESQUIROL, *Humano, más humano*, Acontilado, Barcelona, 2021, 12.

tura a «proximidade» e mais a vida no planeta. O paradigma do humano proposto desde a modernidade e o modelo económico capitalista é un ser (home) autosuficiente que ben pode ter como prototipo cinematográfico o heroe dos filmes de cowboys<sup>3</sup>. Un ideal de persoa autónoma, que se vale en por si, sen máis necesidade ca as súas pistolas e mais o seu cabalo, e que nega a verdade máis fonda da súa humanidade: a nosa esencial vulnerabilidade e necesidade dos outros e outras. Esta formulación da autosuficiencia como meta corre de par do desenvolvemento científico-técnico e unha universalidade incorpórea e inmaterial que termina por abstraer a realidade no canto de se ater a ela e que acaba por diferenciar vidas: as que contan e as que non, facendo invisibles as últimas. Non en balde o pensamento occidental se construíu de costas ao sufrimento, á dor, á finitude e á morte. Porén, aínda que a isto nos resistamos como civilización, o humano, de raíz, como sinala Josep María Esquirol, está máis vinculado coa responsabilidade radical que co poder, con facer do mundo unha casa, máis que con saír dela para dominar o mundo, porque unha cultura é máis humana canto máis se abre ao desafío da alteridade e á súa propia vulnerabilidade porque na debilidade do humano latexa o pulso da verdade<sup>4</sup>.

A crise que atravesamos está forzándonos a aprendizaxes esenciais; unha delas é sen dúbida a de espertarnos do pesadelo da individualidade autosuficiente e do sálvese quen poida para abrazarmos e compartirmos a nosa vulnerabilidade, e facermos que desde aí se converta en forza e potencia comunitaria. A crise da covid está a devolvernolgo que adoito decidimos ignorar, «todos somos mortais»<sup>5</sup>, ou dito doutra maneira que o ser humano nace ferido de vulnerabilidade; por iso, o coidado, a interdependencia e a ecodependencia non son unha opción, senón un dato da nosa

3 Tomo esta imaxe de José Lagoa en *Ciudadanía. Del contrato social al pacto de cuidados*, PPC, Madrid, 2021,11.

4 Josep María Esquirol, *ibid.*

5 Rita Segato <https://feministresearchonviolence.org/coronavirus-todos-somos-mortales-de-significante-vacio-a-la-naturaleza-abierta-de-la-historia/>

constitución antropolóxica. Sen eles é imposible a vida, aínda que o capitalismo inocule nas nosas consciencias a fantasía do individualismo, a suficiencia e a escisión coa natureza. A covid fixo saltar violentamente esta fantasía e imponnos a golpe de realidade unha evidencia que decidíramos esquecer: a indiferenza e o dano á casa común e contra os nosos próximos e próximas é un dano contra nós mesmos porque somos natureza e porque nos necesitamos mutuamente. Somos unha especie entre miles delas e o equilibrio dos ecosistemas depende desta convivencia harmónica. Por iso, canto máis sexamos conscientes da nosa interdependencia con toda a creación, ata o punto de sentir «eu son se ti tamén es» ou ben «eu son o universo», tanto máis nos achegamos á nosa identidade máis radical. A consecuencia natural de tal achado é a compaixón e a axuda mutua cara a todo ser vivente. Porque á fin de contas o que facemos aos demais seres e á nai terra facémolo a nós mesmas. Pero esta núa verdade é algo que en Occidente cústanos recoñecer e se cadra temos que acudir a outras culturas para redescubri-lo.

Desmond Tutu desde a cosmovisión bantú explica o significado da *ecodependencia* e a interdependencia do seguinte modo<sup>6</sup>:

Son un ser humano porque outras persoas o son (...). Sabemos que a nosa humanidade é relacional (...). Necesitámonos unhas a outras (...). A primeira lei da nosa condición humana é que estamos conectados por medio dunha delicada cadea de interdependencia con todos os seres humanos e co resto da creación. É o que se define como Ubuntu. Son humano porque son parte de algo. O verdadeiro propósito na vida é a harmonía e mais o benestar comunitario e social. O ubuntu non di «penso, logo existo», senón «son humano, porque son parte de algo, porque participo e comparto» (...) que somos algo máis ca a suma das nosas partes e que o individualismo debilita. Fomos creados para a interdependencia e non só cos seres humanos, senón con todas as especies e toda vida.

---

6 Desmond Tutu: *Dios tiene un sueño. Una visión de esperanza para nuestro tiempo*, Bogotá, Norma, 2004.

E mais, tamén desde as culturas amazónicas, a sabedoría dos pobos orixinarios lémbra-nos que todo está profundamente interconectado e que sen as tramas comunitarias que coidan a terra a vida é imposible:

A vida é un camiño comunitario onde as tarefas e as responsabilidades se dividen e compártense en función do ben común. Non hai lugar para a idea do individuo desligado da comunidade e do seu territorio (QA 20).

A crise da covid desvelounos con toda a súa nudez esta verdade fonda: somos vulnerables e só podemos subsistir desde unha rede delicada de coidados e apoio mutuo. A sustentabilidade da vida é imposible sen as tramas comunitarias ou, dito en palabra do papa Francisco:

Esta crise mostrounos que, especialmente en situacións de emerxencia, dependemos da solidariedade dos outros; e non convida a poñer a nosa vida ao servizo dos demais dun modo novo. Debemos concienciarnos da inxustiza global e espertar para escoitarmos o clamor dos pobres e do noso planeta, gravemente enfermo<sup>7</sup>.

## **2.- Vulnerabilidade versus precariedade, unha diferenciación imprescindible**

A vulnerabilidade define a nosa identidade esencial, a nosa fragilidade constitutiva como especie, porque o ser humano vive non só a partir daquilo que o constitúe, senón tamén daquilo ao que está exposto. Somos seres feridos e seres que feren, somos vulnerables, pero tamén vulneradores e vulneradoras dos demais e da propia vida no planeta. Por tanto, reflexionar sobre a nosa fragilidade lévanos a facelo desde dúas dimensións: a subxectiva ou antropolóxica e mais a relacional ou socio-política. A primeira dá conta de sentires e experiencias vinculadas á finitude, á liminalidade do humano e á continxencia. A segunda remite a con-

7 Walter Kasper, George Austin (eds.), *Dios en la pandemia*, Santander, Sal Terrae, 2020, 10

dicións extrínsecas: sociais, económicas, relacionais, culturais, de xénero, que aguzan a vulnerabilidade antropolóxica e revelan a capacidade dos seres humanos e as estruturas que xeramos, de ter o poder de vulnerar a outros e outras. Judith Butler é unha das filósofas que máis reflexionaron sobre esta diferenciación. A autora distingue entre *precariousness* e *precarity*<sup>8</sup>. Coa primeira categoría refírese a un estado de vulnerabilidade xeneralizado, compartido por todos os seres humanos, que alude á fugacidade e debilidade da existencia e á interdependencia que temos uns dos outros, estando arreo expostos aos demais. Forma parte, pois logo, da condición antropolóxica. Coa segunda, en troques, vai alén e adopta un sentido político específico, vinculado ás condicións de vulnerabilidade que sofren determinados corpos non normativos ou colectivos «que non importan», que non interesan ao *statu quo* e son expropiados do dereito a ter dereitos: carencia de redes de soporte social e económico etc. Esta situación agrava o estado de vulnerabilidade e desemboca en dano, exclusión, rexeitamento e violencia sistémica, sexa económica, cultural, de xénero, racista etc. Neste sentido, falar de vulnerabilidade implica, segundo Butler, entender a vida como perda, dano, exclusión e a imposibilidade de comprender a existencia senón como vida precaria. A precariedade, pois logo, vai asociada ás dinámicas de desposuímento, ao conxunto de condicións materiais e simbólicas do acceso sostido aos recursos esenciais para o pleno desenvolvemento das vidas do suxeito. Outros autores como Fineman manteñen esta diferenciación distinguindo unha vulnerabilidade inherente, asociada á condición humana, unha vulnerabilidade contextual, referida ao modo en que cada persoa experimenta a súa vulnerabilidade intrínseca, e unha vulnerabilidade patoxénica, construída socialmente<sup>9</sup>.

A calidade humana e ecolóxica das nosas sociedades, o bo vivir, ha de ir, pois logo, dirixida á atención das relacións e interaccións

8 JUDITH BUTLER, *Vida precaria. el poder del duelo y la violencia*, Barcelona, Paidós, 2007.

9 M. A. FINEMAN, «Equality, Autonomy, and the Vulnerable Subject in Law and Politics» en *Equality*, Burlington, Ashgate, 2013.

con que coidamos e acompañamos a vida na súa vulnerabilidade e misterio, e tamén estratexias e accións dirixidas a combater a precariedade a través da ecoxustiza e o coidado.

### 3.- Camiños a transitar

#### 3.1. *Ser e facer casa: Practicar a acollida e a hospitalidade, sen dereitos de admisión*

Somos seres ávidos de relacionalidade, de acollida, de fogar, de recoñecemento e encontro, aínda que ao mesmo tempo o temamos. A globalización abriunos a novas perspectivas de convivencia, malia que supuxo asemade, nos seus aspectos máis negativos, a demonización do diferente e a ideoloxía da seguridade e a sospeita a calquera prezo, incrementadas moito máis aínda coa pandemia. A acollida, a hospitalidade, a atención á proximidade e a xeración de vínculos son trazos de humanidade que requiren escoita profunda, coidado, discernimento, sentido de proceso, calidade e aposta gratuíta por iso. Acoller é abrir o ser, os sentidos, o espazo, o tempo á alteridade e ao encontro e facelo desde unha actitude de recoñecemento e mutua necesidade, o cal lévanos moitas veces ao esforzo de tentar sentir e pensar desde onde non estamos, a suspender xuízos, a arriscar no diálogo e á aposta pola diversidade e a tolerancia, a non impoñer ritmos senón a ir detectándoos. Nun contexto no que conviven de maneira preocupante o aumento da polarización social e política, a emerxencia do racismo e a desigualdade sistémica, poderíamos dicir que o diálogo social e intercultural é a tenrura dos pobos, a tenrura doutra convivencia posible<sup>10</sup>. A tenrura no plano social é respecto, é recoñecemento, é acollida, é interdependencia e o seu oposto é a violencia, o abuso, a explotación, a mercantilización e o racismo. O cal exíxenos ser respectuosos e respectuosas coas diferenzas, un estilo de relación, convivencia e acción política que sexa dialogal, non monolóxico, nin adoutrinador, baixar defensas, sospeitas e clichés que temos

---

10 Parafraseo aquí un dos slogans das revolucións centroamericanas dos 80.

fortemente introxectadas para nos organizarmos xuntos e xuntas na defensa dos bens comúns.

### *3.2. Puxar o pulo do eu ao nós. Tecer común, para gañar territorio ao individualismo dominante, ao «sálvese quen poida»*

O credo neoliberal sostense fortemente no individualismo, na competencia, na confusión entre valor e prezo e mais no dogma de que non todas as vidas valen o mesmo. Crenzas que se retroalimentan constantemente a través da sociedade de consumo e do libre mercado. O individualismo posesivo parte da falacia de que o individuo non accede á súa liberdade senón na medida en que se comprende a si mesmo como propietario da súa persoa e as súas capacidades antes que como un todo moral ou como unha parte dun todo social. É froito, á vez que a reproduce, dunha antropoloxía depredadora, funcional e pragmática na que o interese privado ou o dunhas elites está por riba do ben común. Vincúlase tamén á meritocracia, o cal cuestiona radicalmente o recoñecemento da universalidade dos dereitos humanos e sociais. Deste xeito termínase por outorgar lexitimidade ética á desigualdade, que acaba sendo concibida como xusto recoñecemento ao traballo e ao esforzo. O individualismo posesivo ten tamén como consecuencia a primacía da ética emocional, baseada en comportamentos ou accións rexidas só polas emocións superficiais. Unha ética que carece da intensidade e perseveranza necesarias para superar as dificultades para alén do inmediatismo. É incapaz de moverse na lóxica dos procesos a longo prazo, que de por parte son a única maneira de conseguir realmente cambios persoais, sociais e estruturais. A solidariedade é, pois logo, percibida como un valor positivo, mais como algo puntual, emocional, intimista, sen compromisos duradeiros e sen organización colectiva. Neste contexto acompañar a vulnerabilidade pasa por xerar espazos de encontro que nos abran a entrar en dinámicas fondas de reciprocidade e compartir. Compartir significa «partir-con». Esta preposición é fundamental para comprender o seu significado. É moi distinto «partir algo para outro» de partilo con outro. Compartir leva consigo participar dun universo común,

supón reciprocidade. Quen comparte faise «compañeiro e compañeira». Compañeiro e compañeira veñen de «*Cum-panis*», palabra que evoca comer o mesmo pan, é dicir, participar da mesma vida, do mesmo soño. Compartir é eu dou do meu (o que teño, o que son) e ti dás do teu (o que tes, o que es). É alteridade e mutualidade. O poder de dar e o poder de recibir de cada persoa é o dinamismo da humanidade que nos permite sobrevivir como xénero humano. Ser compañeiras e compañeiros de vida é máis ca ser «axudadoras» ou «expertas», é entrar na cultura dos saberes compartidos e dos procesos colectivos.

Na densidade da crise sanitaria e social que nos atravesa, as tramas comunitarias son hoxe máis ca nunca sacramentos da esperanza que nutren e sosteñen as de moitas xentes: acceder ao sistema público de saúde, dereito ás vacinas, non ser invisibles, non ser desafiuzado, ter comida e material escolar para os fillos, non perder o traballo, non estar só, esperanzas moitas das cales pasan pola materialidade da vida e remiten a compromiso cos tres t que nos lembra o papa Francisco: *Teito, terra, traballo*. Porén, as tramas comunitarias son tamén signo de que outro mundo está a ser posible no medio desta crise, son ese lugar no que as sumas das nosas derrotas se converten en esperanza polo feito de estarmos xuntos, e onde a suma das nosas escuridades se converte en luz para estar en conexión e atravesar a incerteza<sup>11</sup>. O seu poder é capaz de realizar hoxe novos milagres como o que acontece en Mc 6, 34-44: a multiplicación dos bolos de pan e os peixes.

Unha interpretación deste texto hoxe pasa por descubrir os dous tipos de olladas ou enfoques que nos expón. Ante a vulnerabilidade da xente o texto reflicte dous tipos de olladas ou enfoques. A ollada dos discípulos e a ollada de Xesús. A primeira é unha ollada carencial, que os incapacita para veren os recursos que teñen as persoas en situación de necesidade. A súa lóxica é capitalista, en tanto que non se lles ocorre outra alternativa que non sexa a do

11 YOLANDA SÁEZ. «Ecofeminismo. Tejiendo redes», *Mas allá de la pandemia al de la pandemia. Vivir en estado de excepción*, Iglesia Viva (283), 2020.



diñeiro para resolver a situación. Porén, a ollada de Xesús é unha ollada que descobre potencialidades e non só carencias, e por iso detecta que neles mesmos e mais na súa organización comunitaria pode emerxer algunha alternativa á súa situación, como así ocorre. Neste texto revélase a economía do reino como a lóxica do común. No compartir de dons, bens, capacidades e servizos acontece o milagre. Neste sentido podemos dicir que a vulnerabilidade abrazada e compartida convértese en potencia e forza comunitaria.

### 3.3. *Activar a coidadanía e implicarnos na revolución dos coidados*

Vivimos instalados na normalidade do descoido. Necesitamos tombar esta normalidade desde un cambio radical, unha revolución nos nosos estilos de vida e relación, na nosa organización social, política, económica, porque está construída sobre o desprezo ás vidas que non contan, desde as miles de especies que desaparecen cada ano, ata os millóns de persoas que morren nas guerras invisibles mantidas polo negocio das armas, ou ata as que morren cruzando fronteiras, movidas por soños que quedan truncados pola violencia das necropolíticas. Desde a ecofeminismo a *coidadanía* é entendida como un sistema de relacións e reorganización social que pon no centro o coidado como unha categoría relacional e política sen a cal a vida non é posible. A *coidadanía* propón unha auténtica revolución dos coidados que atinxe desde os ámbitos máis persoais aos máis estruturais: por exemplo: Como é unha cidade que pon os coidados no centro? preguntan, reivindicán e propoñen os movementos sociais, ou: Como sería unha política ou unha economía que non teña no centro a obtención do máximo lucro nin os intereses dos máis ricos, senón os dos máis vulnerados e vulneradas; ou un sistema xudicial que non teña no centro os intereses das grandes fortunas como Luís Vutton, senón as necesidades de supervivencia dos vendedores na rúa? A todo isto hai que lle apor imaxinación, proposta, organización colectiva e tamén require un cambio de conciencia e unha espiritualidade do coidado que faga posible un novo éxodo mental e cordial<sup>12</sup>:

---

12 EMMA MARTÍNEZ. *Es tarde, pero es nuestra hora*, Narcea, Madrid, 2020, 128.

- Da fantasía da suficiencia á experiencia da interdependencia mutua e ecodependencia, que pasa por deixarmos de nos crer donos da terra, das cousas, das vidas doutros, a nos converter en cooperadores respectuosos e coidadores de toda vida, especialmente da máis vulnerada.
- Do individualismo insolidario a ser en comunión con toda a humanidade e a creación. Da rendibilidade á gratuidade.
- Do consumismo depredador ao decrecemento ou crecemento sustentable para todos. Vivir con sinxeleza e sobriedade para que outros e outras poidan sinxelamente vivir.
- Da procura compulsiva de seguridade custe o que custe a abrazar e vivir a vulnerabilidade asumida e compartida e a inseguridade e incerteza como compañeiras de camiños da existencia humana.
- Do materialismo pragmático a descubrir a dimensión espiritual e fonda de toda vida e de toda a creación.
- Da globalización da indiferenza ao «padecer con», a compaixón política, vivida ao xeito de Xesús, que nos compromete coa ecouxustiza e a tenrura con toda vida.

### 3.4. *A necesidade de depurar as nosas imaxes sobre Deus*

Esta mística require tamén outros imaxinarios do Misterio que os crentes chamamos Deus como propón a teoloxía ecofeminista: Matriz coidadosa e nutritiva, alento de vida, manancial de resiliencia e experta en reciclaxe. O Deus de Xesús non ten caldeiro do lixo, senón que fai renacer a vida dos brizados (Ez 37, 4) e sinala a esperanza cando semella que todo está perdido, como nos lembra o profeta Xeremías en tempos de exilio, crise das institucións e perda de todo horizonte (Xr 31, 17). É a forza interior e comunitaria que nos puxa a rebuscar ata atopar, entre as cinzas do sufrimento e dos límites, a esperanza, como puxou aquelas mulleres que se encamiñaron para o sepulcro na mañá de Pascua, aínda cando todo era escuro e incerto (Mc 16, 1-13).

O misterio que nos asombra e alenta cando acompañamos a vulnerabilidade é un Deus reverencial e coidadoso co límite humano, un Misterio de amor que non se identifica cos discursos, senón cos xestos e as accións (Mt 7, 21), e que non distingue entre crenzas nin ateos, senón que é experto en periferias existenciais e en humanidade máis ca en moralidades (Lc 7, 36-50). Un Deus Ruah alentadora, que nos move a saír dos nosos propio medos e intereses e que nos fai experimentar que só na «proximidade» e mais no asombroso poder dos encontros e das apertas podemos ser plenamente humanos e humanas e participar do misterio da súa divindade. Un Deus que non é o das metas, senón o dos camiños (Xn 14, 6); que non nos arranxa nada, e mais sostennos en todo; que non é certeza, senón procura incómoda na que se nos ofrece como nube, para que non nos despistemos cando cadra atravesar desertos, e como lume na noite, cando a escuridade nos paraliza (Ex 40, 38). Un misterio de Amor, Dignidade e Coidado, que sostén e alenta a fragilidade e vulnerabilidade máis extrema poñéndose no seu lugar (Is 42, 3), que «a cana crebada non partirá e a torcida esmorecente non apagará». Un misterio de resiliencia na debilidade que nos urxe a compartir as nosas vimbias para entretecemos xuntos e xuntas humanidade e creación nova ata que todas as vidas sexan o mesmo e sentémonos xuntas no banquete inclusivo do reino.

#### 4.- A modo de epílogo

Acompañar a vulnerabilidade é un exercicio de responsabilidade, e porén, sobre todo, de amor e bondade, que constitúen as grandes vibracións da vida, as que salvan o mundo segundo Josep María Esquirol. Por iso termino a miña reflexión cun breve conto citado polo filósofo catalán como alento na nosa angueira sempre pendente de acompañar, abrazar e reconciliar vulnerabilidades:

Nos arredores dun mosteiro budista, nas montañas do Himalaia, hai unha pedra cun enigma rexistrado nela: «Que cómpre facer para que unha pinga de auga non seque?». Detrás da mesma pedra

atópase a resposta: «Deixala caer no mar». Belísima imaxe, aínda que corresponde á idea de integración oceánica e de totalidade que non comparto. Talvez habería unha resposta alternativa (...) «Que cómpre facer para que unha pinga de auga non seque?». Poñela nos beizos de alguén que teña sede<sup>13</sup>.

**Pepa Torres Pérez**  
pepalavapies@yahoo.es

Traduciu: **Xesús Portas Ferro**

---

13 JOSEP MARÍA ESQUIROL, *La penúltima bondad. Ensayo sobre la vida humana*, Acantilado, Barcelona, 2018, 104.